



MEMORIA XUSTIFICATIVA PARA A ELABORACIÓN DO PCAP PARA A CONTRATACIÓN DAS TAREFAS DE COORDINACIÓN EN MATERIA DE SEGURIDADE E SAÚDE DERIVADAS DA EXECUCIÓN DO SERVIZO DE MANTENIMENTO, ACONDICIONAMENTO E MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS VIARIAS DO CONCELLO DE VIGO (expte. 641-441)

I.-ANTECEDENTES.

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 18 de maio de 2021, acordou adjudicar a CIVIS GLOBAL, S.L.U. (B-36.684.157) o procedemento aberto mixto, de servizos e obra, para a contratación do mantemento, acondicionamento e mellora das infraestruturas viarias no Concello de Vigo (641-441).

O artigo 2 do RD 171/2004, de 30 de xaneiro, polo que se desenvolve o artigo 24 da Ley 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, en materia de coordinación de actividades empresarias, define no seu artigo 2.c o que se entende por empresario principal: *“Empresario principal: o empresario que contrata ou subcontrata con outros a realización de obras ou servizos correspondente á propia actividade de aquel e que se desenvolve no seu propio centro de traballo.”*

O criterio xurisprudencial maioritario contempla que os servizos da “propia actividade” comprenden as tarefas que son inherentes ao ciclo productivo da empresa, excluindo as labores “non nucleares” (STS 18 Ene. 1995, STS 24.11.1998, STS 22 Nov. 2002, etc)

Estas previsións normativas veñense executando no Concello de Vigo de acodo ao recollido na “Guía de coordinación de actividades empresariais do Concello de Vigo”, aprobada en sesión plenaria de 29 de novembro de 2010.

O servizo de mantemento, acondicionamento e mellora das infraestruturas viarias do Concello de Vigo limpeza de dependencias atópase entre as competencias municipais e servizos de prestación obrigatoria recollidos nos artigos 25.2d) e 26 da Ley 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL).

Por outra banda, a través de dita contratación, darase cumprimento ao disposto no Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as Disposicións mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción, que no seu artigo 3.2 especifica a obriga de designar por parte do promotor un Coordinador de Seguridade e Saúde durante a execución de obras nos supostos nos que interveñan máis





dunha empresa, ou unha empresa e traballadores autónomos.

Polo exposto, e para o desenvolvemento do contrato de servizos das tarefas de coordinación en materia de seguridade e saúde derivadas da execución do servizo de mantemento, acondicionamento e mellora das infraestruturas viarias do Concello de Vigo (expte. 641-441), o Concelleiro delegado da Area de Fomento e Servizos en data 25 de marzo de 2021 acordou dar inicio ao correspondente expediente en base ao informe de necesidade emitido, polo cal a xuízo dos técnicos que subscriben a presente memoria, considérase adecuado proceder á definición dos seguintes apartados.

II.-ESIXENCIAS DE MOTIVACIÓN DETERMINADAS POLA LEXISLACIÓN DE CONTRATOS.

1.- OBXECTO.

O obxecto do presente expediente contempla a contratación das tarefas de coordinación en materia de seguridade e saúde derivadas da execución do servizo de mantemento, acondicionamento e mellora das infraestruturas viarias do Concello de Vigo (expte. 641-441)

Os devanditos servizos consistirán fundamentalmente nas seguintes tarefas:

- Realización das actividades de Coordinación en materia de seguridade e Saúde durante a execución do contrato, definidas no art. 9 do Real Decreto 1627/1997 polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde en obras de construción.
- Celebración de reunións de seguimento coa periodicidade que fixe o Concello, que convocará o Responsable do Contrato. A ela asistirá a Coordinación de Seguridade e saúde, a Asistencia Técnica á dirección facultativa municipal se é o caso, o representante do contratista, o Responsable do Contrato, a Dirección Facultativa do servizo de Mantemento, así como representantes dos diferentes departamentos do Concello de Vigo con afeccións sobre o servizo e traballos que o compoñen (tráfico, limpeza, servizos enerxéticos,...).
- Redacción dun informe de seguridade e saúde para as mencionadas reunións, con indicación da súa presenza diaria no centro de traballo, das incidencias máis significativas e das tarefas realizadas, elaboración de comunicados e instrucións aos contratistas dos traballos do servizo; redacción de partes de incidencias, valoración de danos causados, indicando a metodoloxía máis adecuada para a súa reparación. O informe de cada reunión farase chegar aos asistentes con antelación ás reunións periódicas para a súa revisión.
- Establecemento dos principios xerais de prevención e seguridade nos traballos que se prestan co servizo, e facilitar a coordinación de actividades empresariais, coas obras no ámbito de actuación e as contiguas con afección nos traballos que se prestan co servizo de mantemento,





acondicionamento e mellora das infraestruturas viarias.

- Revisión do control de accesos a persoas non autorizadas e do uso dos equipos de seguridade preceptivos e dos eventuais sistemas de identificación por parte das persoas autorizadas.
- Vixilancia e control do estado de limpeza e orde nos traballos que se prestan co servizo.
- Levar a cabo de forma inmediata todas as medidas adecuadas para remediar calquera violación ou incumprimento dos Plans de Seguridade e Saúde, seus anexos, ou calquera disposición da lexislación aplicable, por parte dalgún dos participantes. Incluso a paralización daqueles tallos o, no seu caso, da totalidade do traballo prestado polo servizo, cando observe vulneracións en materia de Seguridade e Saúde e expulsión das zonas de traballo e/ou prohibición do acceso ás mesmas daquelas persoas cuxa conduta supoña un risco ou ameaza para outras ou para elas mesmas.
- Control de elementos de sinalización e de cerramento ou valado, así como dos elementos que poidan causar algún perigo nos espazos lindeiros, comprobando a súa seguridade, controlando e vixiando o desenvolvemento dos traballos e a realización de accesos a eles e ás ocupacións temporais por provisións e instalacións destas zonas dos traballos, materializándoo mediante a emisión dos correspondentes informes.
- Revisión e informe das propostas de desvíos provisionais e a súa sinalización, tanto para o tráfico peonil coma rodado e usuarios, así como revisión e informe do seu mantemento e estado de conservación durante a prestación do servizo.
- Redacción de Informes mensuais de seguimento da siniestralidade nos traballos prestados polo servizo, así como informes de investigación de accidentes laborais ocorridos durante os mesmos. Estes informes entregaranse en 24 horas en caso de accidentes mortais, de 48 horas en caso de accidentes graves e de catro días naturais en calquera outro caso.
- Vixilancia de verteduras e provisións de materiais (acopios), e control e sinalización de accesos, aparcadoiros e zonas de carga e descarga, a fin de evitar situacións de risco, ou calquera outro prexuízo ao traballo do servizo executado ou á súa contorna e aos traballadores e demais usuarios da contorna.
- Control das acometidas de abastecemento, saneamento, electricidade e servizos, para que sexan executadas en correctas condicións de seguridade e saúde.
- Control da maquinaria empregada, tanto de gran tamaño como de maquina ferramenta de uso persoal polos traballadores, controlando a súa aprobación en materia de seguridade, elementos de protección, e cumprimento das lexislacións e normativas aplicables.
- Control en materia de seguridade e saúde dos requisitos a cumprir polos elementos de protección colectiva instalada provisionalmente durante a duración dos traballos en noiros, estruturas e desniveis ou zonas con risco de caída a distinto nivel, así como dos elementos de contención a instalar de forma definitiva no viario público, o que requirirá o coñecemento da





normativa de aplicación neste aspecto, que se facilitará á persoa nomeada como Responsable do Contrato cando esta o requira.

- Informe para a certificación mensual do servizo no relativo ás unidades de Seguridade e Saúde.
- A petición do Responsable do Contrato emitiranse informes en materia de seguridade e saúde sobre extremos concretos indicados por esta, no prazo que lle sexa indicado.

No referente á cualificación do contrato, o presente contrato ten carácter de contrato administrativo de conformidade co artigo 25.1.a LCSP, cualificándose como un **contrato de servizos**, de conformidade co artigo 17 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (no sucesivo, LCSP).

A tenor do establecido no artigo 99.3.b da LCSP, o órgano de contratación poderá non dividir en lotes o obxecto do contrato cando existan motivos válidos que deberán xustificarse debidamente.

Constitúen en todo caso motivos válidos de xustificación que a realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificulte a correcta execución desde o punto de vista técnico; ou ben que o risco para a correcta execución do contrato proceda da natureza do mesmo, por implicar a necesidade de coordinar a execución das diferentes prestacións, cuestión que podería verse imposibilitada pola súa división en lotes e execución por unha pluralidade de contratistas diferentes.

Polo que respecta a súa división en lotes, non se considera axeitada debido a que trátase dunha única prestación de servizo: a coordinación da seguridade e saúde en fase de execución dun contrato de mantemento de viais no que non foi susceptible da súa división en lotes (expte 641-441).

Por tanto, ao tratarse da coordinación dos traballos que deriven da execución do mantemento, non se considera viable a división en lotes ao tratarse este dun contrato mixto en función das necesidades e non coñecer a totalidade dos traballos a realizar ao inicio do mesmo.

2.- INSUFICIENCIA DE MEDIOS.

Xustifícase a contratación das tarefas de coordinación en materia de seguridade e saúde, tal e como determina o artigo 116 LCSP, na esixencia dunha especialización e coñecementos específicos sobre a materia obxecto do mesmo, debido á especificidade e diversidade dos traballos a acometer, así como a dedicación necesaria dos mesmos.

Os medios técnicos existentes no Concello de Vigo considéranse insuficientes para afrontar o volume e dedicación en relación coa especialización que os traballos requiren, polo que resulta necesaria a súa contratación externa.

3.- PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E FORMA DE TRAMITACIÓN.





Tendo en conta o obxecto do contrato e, xa que logo, tratándose dun contrato de servizos de prestacións de carácter intelectual, propónse a tramitación do presente expediente de contratación a través de procedemento aberto con multiplicidade de criterios de adxudicación (art.145.3 LCSP), e tramitación ordinaria, xustificándose no importe do servizo e na necesidade de maior transparencia, publicidade e igualdade do procedemento.

4.- PRAZO DE EXECUCIÓN E PRORROGA

De conformidade co establecido no artigo 29 LCSP o prazo de execución do contrato será de **CORENTA E DOUS (42) MESES**, a contar a partir do día seguinte á formalización do contrato, para os traballos a realizar durante a duración do servizo de Mantemento, Acondicionamento e Mellora das Infraestruturas Viarias do Concello de Vigo (641-441), non admitíndose en ningún caso a prórroga tácita.

Non obstante, prevese a posibilidade de establecer **unha prórroga dun (1) ano de duración**, sempre que se esgote a posible prórroga do contrato do Servizo de Mantemento, Acondicionamento e Mellora das Infraestruturas Viarias do Concello de Vigo (641-441).

Asemade, a finalización do presente contrato está condicionada á finalización do contrato do Servizo de Mantemento, Acondicionamento e Mellora das Infraestruturas Viarias do Concello de Vigo (641-441).

A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu preaviso se produza ao menos con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

Xustificación do prazo de execución e prórroga do contrato.-

O prazo de execución fíxase atendendo á natureza das prestacións, ao financiamento así como á necesidade de someter a concorrência o contrato.

5.- SOLVENCIA

A solvencia económica, financeira e técnica regúlase nos artigos 74 e seguintes da LCSP. A solvencia esixida será:

Solvencia económica e financeira:

- Declaración do volume anual de negocios. Considerarase con solvencia económica e financeira

	Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/10/2021 14:08	Páxina 5 de 20
	Expediente 839/441	CSV: 2481AE-B7E33E-348H22-ZKSEHS-J8UHUN-EH	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



aos licitadores cuxo volume anual de negocios, no ámbito do contrato, referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos sexa, cando menos, igual ou superior ao 70% da anualidade media do prezo do contrato.

Para as empresas de nova creación (aquelas que teñan unha antigüidade inferior a 5 anos): considerarse con solvencia económica aquelas cuxo volume anual de negocios, no ámbito do contrato, referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos sexa, cando menos, igual ou superior ao 50% da anualidade media do prezo do contrato.

Acreditarase por medio das contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivera inscrito en dito rexistro, e no caso contrario, polas depositadas no rexistro oficial no que deba estar inscrito.

Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil. De non existir obriga de depósito de contas nun rexistro público, poderá acreditarse mediante a presentación de calquera modelo oficial declarado ante a Axencia Tributaria onde quede reflectido o volume anual de negocios.

Solvencia técnica e profesional:

- Unha relación dos principais servizos ou traballos, de igual ou similar natureza que os que constitúan o obxecto do contrato, realizados nos últimos tres anos (entenderase que este prazo remata o último día para a presentación de ofertas) que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos tres anos acredita servizos ou traballos por importe igual ou superior ao 70% da anualidade media do prezo do contrato.

Para determinar se un servizo é de igual ou similar natureza atenderase aos tres primeiros díxitos do código CPV.

Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario, acompañado dos documentos que consten no seu poder que acrediten a realización da prestación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/10/2021 14:08	Páxina 6 de 20
Expediente 839/441	CSV: 2481AE-B7E33E-348H22-ZKSEHS-J8UHUN-EH	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Para as empresas de nova creación: como o contrato non está suxeito a regulación harmonizada, para as empresas de nova creación (aquelas que teñan unha antigüidade inferior a 5 anos) a solvencia técnica poderá acreditarse por algún dos medios previstos nas letras b) a i) do apartado 1 do artigo 90 da LCSP. A documentación acreditativa destes extremos achegarase polo primeiro clasificado con carácter previo á adxudicación do contrato.

Xustificación da solvencia requirida.-

Para celebrar contratos co sector público os empresarios deberán acreditar estar en posesión das condicións mínimas de solvencia económica e financeira e profesional ou técnica. Os requisitos solicitados na presente contratación de conformidade co establecido no artigo 74 LCSP, están directamente vinculados co obxecto do contrato e son totalmente proporcionais; dado que solicitan o volume anual de negocios e unha relación dos principais servizos efectuados durante os tres últimos anos de igual ou similar natureza, condicións mínimas que respectan o principio de liberdade de acceso ás licitacións.

6.- CRITERIOS DE VALORACIÓN E XUSTIFICACIÓN.

En relación aos criterios de adxudicación, e de acordo co recollido no artigo 145.6 da LCSP, para a valoración das proposicións deberá atenderse a criterios directamente vinculados co obxecto do contrato. A realización deste traballo de carácter eminentemente intelectual e específico, fai necesario incidir nun maior grado detalle nos criterios de avaliación que permitan examinar as propostas que o licitador realice considerando o contrato proposto, e por outro, permitir avaliar con maior concreción os aspectos máis destacados que posibiliten o mellor desenvolvemento destes traballos técnicos.

A tenor do establecido na propia LCSP respecto da contratación de prestacións de carácter intelectual (D.A. 41ª da citada lei), os criterios relacionas coa calidade deberán representar polo menos o 51% da puntuación asinable, polo que en base ao obxecto do contrato, estableceuse a valoración por unha multiplicidade de criterios, propoñéndose a aplicación dun 40% dos criterios de adxudicación a criterios avaliáveis a través de fórmula e un 60% a través de criterios avaliáveis a través de xuízo de valor.

Para a determinación dos procesos de valoración das ofertas, de acordo cos artigos 145 e 146 da LCSP, se determinará a ponderación relativa a aplicar en cada un dos criterios.

Será de aplicación, co obxecto dunha maior simplificación, a seguinte ponderación establecida en base 100:



**CONCELLERÍA
DE
FOMENTO**

**CONCELLO
DE VIGO**



Expte.: 839-441

$$P = \frac{A}{100} \times PT + \frac{B}{100} \times PF$$

Sendo:

P: Puntuación total obtida da valoración da oferta.

PT: Puntuación da avaliación dos criterios mediante xuízo de valor.

PF: Puntuación da avaliación dos criterios mediante formula.

A: Ponderación dos puntos dos criterios mediante xuízo de valor (60)

B: Ponderación dos puntos dos criterios mediante formula (40)

Como quedou recollido anteriormente, os servizos obxecto deste contrato requiren dunha especialización nos procesos organizativos, dos procesos de execución e medios, o cal determinan unha incidencia moi importante na correcta execución do contrato, polo cal a especialización requirida, ven a xustificar adecuadamente a importancia dada aos criterios de xuízo de valor, tanto cuantitativamente (establecendo unha ponderación dun 60% sobre o total dos puntos de valoración), como na necesidade do establecemento dun umbral mínimo, que garante da calidade necesaria das propostas presentadas.

Polo exposto, considerase necesario, de acordo co disposto no artigo 146.3 da LCSP, establecer un umbral mínimo de puntuación a alcanzar na fase de valoración das proposicións relativas aos criterios avaliábeis mediante xuízo de valor, os cales teñen por obxecto avaliar a calidade técnica das memorias de execución da execución das obras propostos polos distintos licitadores, polo cal estableceranse dous apartados para a clasificación dentro deste criterios:

- a) Ofertas con calidade técnica inadecuada. Serán todas aquelas propostas que obteñan unha puntuación dos criterios de xuízo de valor inferior ao 50 % da puntuación máxima da totalidade dos criterios a avaliar por xuízo de valor.
- b) Ofertas con calidade técnica suficiente. Serán todas aquelas propostas que obteñan unha puntuación dos criterios de xuízo de valor igual ou superior o 50 % da puntuación máxima da totalidade dos criterios a avaliar por xuízo de valor.

Para a aplicación da puntuación necesaria para superar o umbral mínimo establecido, non se terá en conta nesta fase os descontos de puntuación por incumprimento dos requisitos de presentación dixital das memorias.

Polo tanto, aquelas ofertas situadas no intervalo de calidade técnica inadecuada serán excluídas do proceso de licitación.

6.1.- CONTIDO E CRITERIOS SOBRE B "PROPOSICIÓN AVALIABLE MEDIANTE XUÍZO DE VALOR"

Os criterios avaliábeis mediante xuízo serán avaliábeis **ata un máximo de "PT= PT1+PT2=100 puntos"** e terán un coeficiente de ponderación **"A= 60"**.

	Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/10/2021 14:08	Páxina 8 de 20
	Expediente 839/441	CSV: 2481AE-B7E33E-348H22-ZKSEHS-J8UHUN-EH	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Proponse a seguinte distribución para os criterios avaliados mediante xuízo de valor.

6.1.1.- Memoria técnica.

a.- Xustificación do criterio.

O obxecto da valoración desta "Memoria técnica" debe entenderse como aquel documento contractual básico que, á vista das obrigas derivadas da prestación dos servizos obxecto da licitación, presenta o licitador no marco da súa proposta técnica e organizativa dos servizos.

O contido da memoria técnica proporcionará ao órgano de contratación a información necesaria para poder coñecer as propostas do licitador para o desenvolvemento dos servizos obxecto desta licitación, de acordo coas esixencias do Prego de Prescricións Técnicas para un correcto funcionamento dos mesmos.

b.- Valoración do criterio.

Debido ó carácter e tipo de servizos a prestar, e atendendo á necesidade de valoración do grado de coñecemento dos mesmos, así como dos procesos derivados da súa execución por parte do licitador, procederase a valoración, ata un máximo de **SESENTA (60) puntos** a achega dunha memoria técnica que expoña a proposta de contidos, o desenvolvemento dos traballos a realizar e metodoloxía a empregar durante a execución dos servizos para a execución segura das operacións que integran as distintas fases do traballo, así como a planificación e organización dos traballos en función dos medios humanos e materiais que se aportan, de modo que se poida coñecer o alcance dos traballos e se demostre coñecemento da problemática do traballo a realizar. Desenvolverá os seguintes aspectos:

- 1) Análise do ámbito de actuación e os condicionantes da execución dos traballos e da contorna, con incidencia na coordinación da seguridade e saúde, que afecten ao seu desenvolvemento. Ata un máximo de 30 puntos.
- 2) Proposta dos procedementos de traballo e de xestión documental a realizar para a coordinación da seguridade e saúde durante a execución dos traballos; planificación e organización dos mesmos en relación ós medios necesarios para a execución do contrato. Ata un máximo de 30 puntos.

Todas as indicacións para o desenvolvemento desta memoria, deberán ter unha relación directa co obxecto do proxecto. Deberá achegarse información gráfica adecuada á peculiaridade específica de cada apartado da memoria.

A puntuación para cada apartado asignarase tendo en conta as seguintes circunstancias:

- O bo coñecemento da problemática a resolver e dos condicionantes externos.
- A xustificación da metodoloxía utilizada.
- A precisión na identificación dos principais procesos e condicionantes.

Da avaliación destes aspectos, se procederá a asignación da puntuación en cada un dos apartados, para o cal se outorgara a maior puntuación do apartado a avaliar a que se considere que recolle con maior grado de detalle e coñecemento os aspectos descritos anteriormente e puntuando as restantes ofertas, en





función da documentación presentada, comparándoa coa da oferta de maior puntuación.

c.- Criterios para a presentación da memoria técnica

Para a presentación dixital da documentación deste apartado se deberán ter en conta os seguintes criterios específicos:

- Deberá ser un único arquivo dixital coas seguintes limitacións: un máximo de 40 páxinas en total en formato DIN A4. Na cuantificación deste documento se terán en conta todos as páxinas que a compoñan, incluíndo índices, carátulas, gráficos, e demais páxinas incorporadas.
- O arquivo dixital non debe superar os 4 MB de tamaño.
- A denominación do arquivo deberá estar conformada coa seguinte nomenclatura: "nome abreviado da empresa licitadora (máximo de 10 caracteres)"; sobre B; apartado correspondente a Memoria Técnica (MT).

Cando a documentación do criterio anterior non cumpra cos requisitos de tamaño de arquivo máximo, formato das páxinas, número de páxinas máximas ou arquivo único, procederase a súa valoración técnica, pero descontarase o 30% da puntuación asignada ao citado criterio.

6.1.2.- Memoria descriptiva do equipo de recursos humanos adscritos á execución do contrato.

a.- Xustificación do criterio.

A través deste criterio búscase avaliar os equipo de recursos humanos proposto para a prestación dos servizos, os cales redundarán na mellora da execución dos mesmos.

O que se pretende valorar coa introdución deste criterio, non é a experiencia xeral das empresas licitadores en contratos similares, o que non afectaría á calidade concreta desta actuación, e que sería en todo caso avaliable nos criterios de solvencia, senón os concretos equipos humanos e materiais propostos polos licitadores para a execución do contrato e a súa repercusión na mellora na calidade do mesmo.

Considérase necesario a introdución deste criterio debido ás especiais características das prestacións obxecto do contrato a licitar. Na mesma concorren diferentes requisitos que fan que a organización, cualificación e experiencia do persoal adscrito ao contrato e que vai a executar o obxecto do mesmo revista especial transcendencia.

b.- Valoración do criterio.

Se valorará ata un máximo de **CORENTA (40) puntos**. O licitador presentará unha memoria descriptiva que recolla un organigrama que conteña a descrición e xustificación das actuacións, dedicacións e funcións do equipo humano que se propoña adscribir ó contrato, así como indicación da experiencia, cualificación e formación do equipo humano a adscribir a execución do contrato.

Este apartado incluírá a descrición da experiencia acreditada en relación ás peculiaridades de cada posto de traballo descrito, a cualificación e formación. Este equipo deberá atoparse identificado e adaptado ás





peculiaridades propias do obxecto do contrato, valorándose a alta experiencia acreditada en traballos similares así como a cualificación e formación adecuada aos traballos a realizar, debendo achegarse unha proposta específica de compromiso de adscrición ao servizo dos profesionais que vaian intervenir.

A puntuación para este apartado asignarase tendo en conta as seguintes circunstancias:

- A adaptación do equipo ao obxecto do contrato.
- A concreción de todos e cada unha das traballos a realizar polos membros do equipo.
- A experiencia acreditada en proxectos de similares características.
- A cualificación e formación adecuada aos traballos a realizar.
- Organización adecuada do equipo humano a intervenir no traballo.

Da avaliación destes aspectos, se procederá a asignación da puntuación, para o cal se outorgara a maior puntuación do criterio a avaliar a que se considere que recolle con maior grado de detalle e coñecemento os aspectos descritos anteriormente e puntuando as restantes ofertas, en función da documentación presentada, comparándoa coa da oferta de maior puntuación.

c.- Criterios para a presentación da memoria descritiva do equipo de recursos humanos adscritos á execución do contrato

Para a presentación dixital da documentación deste apartado se deberán ter en conta os seguintes criterios específicos:

- Deberá ser un único arquivo dixital coas seguintes limitacións: un máximo de 15 páxinas en total, formato DIN A4. Na cuantificación deste documento se terán en conta todas as páxinas que a compoñan, incluíndo índices, carátulas, gráficos, e demais páxinas incorporadas.
- O arquivo dixital non debe superar os 4 MB de tamaño.
- A denominación do arquivo deberá estar conformada coa seguinte nomenclatura: "nome abreviado da empresa licitadora (máximo de 10 caracteres)"; sobre B; apartado correspondente ao Equipo adscrito á Obra (ET).

Cando a documentación do criterio anterior non cumpra cos requisitos de tamaño de arquivo máximo, formato das páxinas, número de páxinas máximas ou arquivo único, procederase a súa valoración técnica, pero descontarase o 30% da puntuación asignada ao citado criterio.

6.2.- CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULA

Os criterios avaliados mediante fórmula terán unha puntuación máxima de "PF= PE= 100 puntos" e un coeficiente de ponderación "B= 40".

Proponse a seguinte distribución para os criterios avaliados mediante fórmula.

6.2.1.- Valoración das baixas en relación a oferta económica.

O prezo ofertado polos licitadores valorarase ata un máximo de PE= 100 puntos aplicándose esta





puntuación en relación coa baixa realizada.

O valor da baixa ofertada obterase restando ao prezo de licitación o prezo ofertado polo licitador (en euros) (sen IVE)

Serán de aplicación as seguintes fórmulas:

- Para baixas (Bi) cuxo valor se atope comprendido entre : $Be < Bi \leq BE$

$$PE = 98,5 + (1,5 * ((Bi-Be)/(BE-Be)))$$

- Para baixas (Bi) cuxo valor se atope comprendido entre: $0,85 * Be < Bi \leq Be$

$$PE = 95 + 3,5 * \left(\frac{Bi - (0,85 * Be)}{0,15 * Be} \right)$$

- Para baixas (Bi) cuxo valor se atope comprendido entre: $0,65 * Be < Bi \leq 0,85 * Be$

$$PE = 87,50 + 7,5 * \left(\frac{Bi - (0,65 * Be)}{0,20 * Be} \right)$$

- Para baixas (Bi) cuxo valor se atope comprendido entre: $0 * Be \leq Bi \leq 0,65 * Be$

$$PE = 87,50 * \left(\frac{Bi}{0,65 * Be} \right)$$

Sendo:

PE = Puntuación sobre a oferta económica: entre 0,00 puntos e 100,00 puntos.

Bi= Baixa da oferta para a que se quere determinar a puntuación, calculada coma a porcentaxe que represente a diferenza entre o orzamento base de licitación (IVE excluído) e o orzamento da oferta presentada (IVE excluído), expresado en tanto por cento sobre o orzamento base de licitación (IVE excluído).

Be= Valor do porcentaxe da baixa da oferta máis económica de todas as que cumpran a seguinte condición: $Bi \leq Br + \sigma'$ (Dito calculo será realizado coas ofertas das empresas admitidas e que non se atopen en situación de ofertas anormais ou desproporcionadas, utilizando os criterios definidos para Br y σ' nos criterios para valoración das posibles baixas anormais ou desproporcionadas -apartado 10 desta





memoria).

BE= Baixa da oferta máis económica, en tanto por cento, sobre o orzamento base de licitación, de todas as admitidas, non tendo en conta as ofertas que se declaren anormais ou desproporcionadas.

Xustificación das fórmulas:

En base ao obxecto deste contrato, establece a valoración por unha multiplicidade de criterios. Tendo en conta as peculiaridades do obxecto do contrato de carácter intelectual, se dará mas preponderancia a aqueles criterios que tendo unha referencia directa ao obxecto do contrato se podan valorar mediante de xuízo de valor.

Proponse a aplicación dun 40% dos criterios de adjudicación a criterios avaliábles a través de fórmula e un 60% a través de criterios avaliábles a través de xuízo de valor, tendo en conta que as peculiaridades específicas da prestación do servizo, que aconsella determinar entre os posibles licitadores o maior grado de coñecemento do obxecto do contrato, así como unha definición detallada, coherente e planificada dos procesos derivados da súa prestación, o cal será un garante para a súa execución co maior nivel de calidade posible, polo cal entendese que procede a determinación destes apartados na procura da mellora da calidade da execución e considerase axustado ao ámbito dos aspectos nos artigos 145 e 146 da LCSP, no cal determinase que a calidade é un dos criterios directamente relacionados co obxecto do contrato.

Sobre os criterios empregados para a determinación da puntuación dos criterios avaliábles mediante formulas, debese indicar que as formulas elixidas cumpren tanto os criterios legais como a interpretación do Tribunal Central de Recursos contractuais ao respecto. Así as mesmas se atopan definidas no PCAP co suficiente grado de detalle para a súa comprensión. A súa aplicación en todos os casos asignan a maior puntuación prevista a oferta máis alta e a unha puntuación menor á oferta mais baixa, gardando unha adecuada proporción na atribución de puntos ás ofertas intermedias.

Así mesmo debese indicar que non producen ningún dos resultados prohibidos, xa que non outorgan maior puntuación as ofertas que non sexan as mais económicas ao non establecerse umbrais de sacidade. Non reducen significativamente os marxes entre as ofertas mais caras e próximas ao prezo de licitación e as mais económicas, e tampouco magnifican as diferencias económicas mínimas, permitindo que opere a totalidade do rango da puntuación establecido, e determinando neste caso concreto os seguintes tramos de puntuación en función dos seguintes criterios de avaliación:

“Valoración do maior porcentaxe de baixa sobre o prezo de licitación” ofertado polos licitadores, valorado cun máximo de 100 punto e unha ponderación do 40%

Tramos de variación en relación ao maior porcentaxe de baixa ofertado sobre o prezo de licitación	Puntos que se reparten
---	------------------------





$0 * Be \leq Bi \leq 0,65 Be$	87,5
$0,65 * Be < Bi \leq 0,85 * Be$	7.5
$0,85 * Be < Bi \leq Be$	3.5
Establecese en relación o valor BE (oferta máis económica, en tanto por cento, sobre o orzamento base de licitación, de todas as admitidas), e un valor resultante $Be = Br$ (media das ofertas admitidas) + σ (desviación típica das ofertas admitidas).	1.5
$Be < Bi \leq BE$	

É de destacar a indeterminación a priori dos puntos nos que cambia a pendente (tendo en conta que ten catro puntos de inflexión, un primeiro e mais importante sitúase no 65% sobre o valor Be, o segundo no 85% de Be, un terceiro ata o valor Be , e un cuarto entre o valor Be e o valor BE (mellor oferta admitida), impedindo desta forma que os licitadores teñan unha referencia previa, evitando formulacións estratéxicas similares por parte dos mesmos.

6.2.2- Procedemento de valoración dos criterios avaliados mediante fórmula

As fórmulas a aplicar para valorar os “criterios avaliados mediante fórmula” son as que foron informadas favorablemente pola Intervención Municipal en diferentes expedientes de contratación de obra, sendo utilizadas dende o expediente 3392/440, e posteriormente 3767/440, 3924/440, 3893/44, 3918/440 e 3982/440.

Nos mesmos a Intervención Municipal informa, -ex.: 29.04.2016-, “as fórmulas a aplicar cumpren co criterio de proporcionalidade na atribución de puntuacións, e verifícase que atribúen unha puntuación superior á oferta máis barata e menor á máis cara, e que se garda a adecuada proporción na atribución de puntos ás intermedias (Resolución 906/2014 do TACRC, de 12 de decembro de 2014.) Un aspecto a resaltar desta fórmula, apreciable na súa representación gráfica lineal, é a indeterminación a priori dos puntos nos que cambia a pendente (tendo en conta que ten dous puntos de inflexión, un primeiro e mais importante sitúase no 55% da mellor oferta -Be-, e o segundo no 80% de Be), impedindo desta forma que os licitadores teñan unha referencia, evitando formulacións estratéxicas similares por parte dos licitadores”

7.- COMITÉ DE EXPERTOS PARA A VALORACIÓN DOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN MEDIANTE XUÍZO DE VALORACIÓN

Tal e como dispón a D. A .2º.8 da LCSP, o comité de expertos a que se refire a letra a) do apartado 2 do artigo 146 da presente Lei, para a valoración dos criterios que dependan dun xuízo de valor, poderá estar integrado nas Entidades locais por calquera persoal funcionario de carreira ou laboral fixo con cualificación apropiada que non participase na redacción da documentación técnica do contrato de que se trate. En todo caso, entre este persoal deberá formar parte un técnico xurista especializado en





contratación pública.

En base ao anterior, establécese a seguinte composición do Comité de Expertos:

- Jerónimo Centrón Castaños, Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos
- Begoña Arranz González, Xefa do Servizo de Electromecánicos e Eficiencia Enerxética
- M^a del Carmen Pazos Area, Técnico de Administración Xeral

8.- CRITERIOS PARA A DETERMINACIÓN DE OFERTAS CON VALORES ANORMAIS

En relación á determinación do criterio aplicable para a valoración da existencia de ofertas ou proposicións con valores anormais ou desproporcionados para as ofertas referentes ao obxecto deste expediente, utilízanse os criterios específicos usados en diferentes expedientes de contratación e informados favorablemente pola Intervención Municipal

Trátase dun sistema que dificulta aos licitadores a acomodación da súa oferta a un limiar próximo á temeridade, polo que, a súas ofertas, serán a resultante da análise detallada que cada un dos licitadores faga en relación coa estrutura empresarial, prezos de subministradores, etc. O resultado final da presunción de temeridade encontrase corrixido a través dun factor de temeridade (K) variable, que minora canto maior é o resultado da segunda desviación típica das ofertas (δ')

Para os efectos da consideración de presunción de ofertas con valores anormais ou desproporcionados se considerará que están incursas nesa situación, as proposicións cando contes cun balor (B_i) que cumpra as seguintes condicións:

Exceda en ($K \cdot \delta'$) ó valor da "baixa de referencia" (B_r), no caso de que o número de empresas licitadoras admitidas (tras a apertura e comprobación da documentación contida no sobre C, inclúan ou non valores anormais ou desproporcionados) sexa igual ou superior a cinco.

Presunción de temeridade: $B_i > B_r + (K \cdot \delta')$ si $n \geq 5$

Sendo:

B_i = será igual ao valor porcentual que represente a baixa ofertada sobre o orzamento base de licitación para a oferta que se queira valorar. Este calculo será realizado para todas as ofertas admitidas tras a apertura e comprobación da documentación contida no sobre C, inclúan ou non valores anormais ou desproporcionados.

B_r = valor mínimo entre (B_m ou B'_m)

B_m = Baixa media calculada. O valor será expresado en tanto por cento, en relación a media aritmética de todos os valores (B_i) calculados das ofertas admitidas.






$$B_m = \frac{\sum_{i=1}^n B_i}{n}$$

B'_m = media aritmética das (Bi) ofertadas que cumpran a condición seguinte:

$$(B_m - \delta) \leq B_i \leq (B_m + \delta)$$

δ = desviación típica calculada



δ' = desviación típica das (Bi) ofertadas que cumpran a anterior condición sinalada para o cálculo de B'_m

n = Número de ofertas admitidas tras a apertura e comprobación da documentación contida no sobre C, que cumpran a condición sinalada para o cálculo de B_m , e para o calculo da δ' , "n" será igual o numero de ofertas que cumpran coa condición sinalada para o calculo de B'_m

K = factor de temeridade, este factor será definido en relación os seguintes criterios:

Para $\text{Min}(B_m, B'_m) \leq 10\%$

SI $\sigma' \leq 0,5$; $K=10,00$

SI $\sigma' > 0,5$ y ≤ 1 ; $K=5,20$

SI $\sigma' > 1$ y $\leq 1,5$; $K=3,60$

SI $\sigma' > 1,5$ y ≤ 2 ; $K=2,80$

SI $\sigma' > 2$ y ≤ 3 $K=2,00$

SI $\sigma' > 3$ $K=1,80$

Para $\text{Min}(B_m, B'_m) > 10\%$ y $\leq 18\%$

SI $\sigma' \leq 0,5$; $K=9,00$

SI $\sigma' > 0,5$ y ≤ 1 ; $K=4,90$

SI $\sigma' > 1$ y $\leq 1,5$; $K=3,50$





SI $\sigma' > 1,5$ y ≤ 2 ; K=2,90
 SI $\sigma' > 2$ y ≤ 3 K=2,10
 SI $\sigma' > 3$ K=1,70

Para Min (Bm, Bm') > 18%
 SI $\sigma' \leq 0,5$; K=8,00
 SI $\sigma' > 0,5$ y ≤ 1 ; K=4,50
 SI $\sigma' > 1$ y $\leq 1,5$; K=3,80
 SI $\sigma' > 1,5$ y ≤ 2 ; K=2,80
 SI $\sigma' > 2$ y ≤ 3 K=2,00
 SI $\sigma' > 3$ K=1,70

Cando o número de ofertas sexa inferior a 5, considerarase que están incursas en baixa anormal ou desproporcionada as proposicións cunha B_i que exceda en 5 (unidades porcentuais) ou máis unidades ao valor da "baixa de referencia" Br, sendo o valor $Br = B_m$.

Br = media aritmética das (B_i) ofertadas. B_i calcularase dacordo co exposto no apartado anterior.

Presunción de temeridade: $B_i > Br + 5$ si $n < 5$

Para os efectos de establecer este promedio, terase en conta si existen ofertas de empresas que formen parte dun mesmo grupo, para o cal se actuará segundo os supostos do artigo 42.1 do Código de Comercio, cando presenten distintas proposicións, tomarase unicamente a oferta máis baixa de todas as do grupo.

9.- CONDICIÓNES ESPECIAIS DE EXECUCIÓN.

Establécese as seguintes condicións especiais de execución de conformidade co establecido no artigo 202 LCSP:

- Toda a documentación presentada polo adxudicatario en formato impreso entregarase en papel con selo FSC (Forest Stewardship Council, Consello de Administración Forestal) ou certificación equivalente.

10.- MEDIOS PERSOAIS E MATERIAIS A ADSCRIBIR Á EXECUCIÓN DO CONTRATO:

O prego de prescricións técnicas particulares, recolle no seu apartado 4, a estrutura de persoal mínimo que debe dispor o adxudicatario de maneira obrigatoria, o cal deberá contar coa cualificación profesional indicada conforme á normativa relacionada cos aspectos técnicos requiridos no mesmo.

11.- OBRIGAS DO ADXUDICATARIO

Non se fixan.



CONCELLERÍA
DE
FOMENTO

CONCELLO
DE VIGO



Expte.: 839-441

12.- MODIFICACIÓN DO CONTRATO.

Tendo en conta as peculiaridades do obxecto do presente contrato, non se considera necesario ningunha opción sobre a modificación do contrato.

13.- RESPONSABLE DO CONTRATO.

O Responsable do contrato será o que ocupe ese mesmo cargo no contrato de "MANTEMENTO, ACONDICIONAMENTO E MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS VIARIAS DO CONCELLO DE VIGO (expte. 641-441)"

14.- PRAZO DE GARANTÍA

Establecese un prazo de garantía de 1 ano, a contar desde o derradeiro dos servizos prestados, sen prexuízo das responsabilidades que puidesen proceder con arranxo á normativa específica.

15.- DATA PREVISTA PARA O INICIO DO CONTRATO.

A data prevista para o inicio do presente contrato estímase o 01/12/2021.

16.- -SEGURO

O Adxudicatario deberá acreditar a posesión dun seguro de responsabilidade civil, que de cobertura as actuacións propias do adxudicatario na execución do obxecto deste contrato, cunha contía mínima de 600.000,00 €.

17.- PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARTICULARES:

Para o expediente de contratación dos citados servizos, achégase a este informe o prego de prescricións técnicas redactados polos Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos Fátima Martínez Giráldez e Juan Sánchez González.

18.- SUBCONTRATACIÓN

Non se establecen tarefas críticas que non poidan ser obxecto de subcontratación.

19.- LUGAR DE ENTREGA DAS PRESTACIÓN OBXECTO DO CONTRATO.

Concello de Vigo

20.- CESIÓN DE DATOS AO ADXUDICATARIO

Páxina 18 de 20



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/10/2021 14:08

Páxina 18 de 20

Expediente 839/441

CSV: 2481AE-B7E33E-348H22-ZKSEHS-J8UHUN-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

CONCELLERÍA
DE
FOMENTO

CONCELLO
DE VIGO



Expte.: 839-441

O Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario.- Óscar Couce Senra

CONFORME.- O 2º Tenente de Alcalde e Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos.- F. Javier Pardo Espiñeira.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/10/2021 14:08

Páxina 20 de 20

Expediente 839/441

CSV: 2481AE-B7E33E-348H22-ZKSEHS-J8UHUN-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>